


## Por que innovar?


En JIM SPORTS estamos inmersos nun proceso continuo de innovación para facer fronte aos retos do mercado. Isto significa estar **abertos** aos desafíos e **aprender** das boas prácticas de innovación de calquera dos negocios da empresa.

A **dixitalización** e a **automatización** dos procesos de produción, **loxística** e almacenaxe son **imprescindibles** para **competir** no mercado. Moitos dos nosos esforzos en innovación están enfocados a incrementar a produtividade e ser máis eficientes.

Os procesos de innovación dedicados a **escoita activa dos clientes** e **do mercado** son os máis relevantes, para adiantarse aos cambios nas necesidades dos nosos clientes, sexa cal fora a unidade de negocio. Ser áxiles e innovar é imprescindible para competir.



*Todo o que hai que saber sobre innovación está nos nosos cadernos, bota un vistazo.*



*Coñece outras historias de éxito da innovación galega protagonizadas por pemes.*

**Contacta con nós para poñer en marcha o voso propio proceso innovador.**

**Programa de impulso á innovación nas pemes**

Área de Servizos

Axencia Galega de Innovación

981 957 300

gain@xunta.gal

Rúa Airas Nunes s/n

15702 – Santiago de Compostela

gain@xunta.gal



<http://gain.xunta.gal>



PROGRAMA  
**IMPULSO**  
**Á INNOVACIÓN**  
nas Pemes

# Jim Sports

*“Empezamos cun primeiro frete de balóns de baloncesto e hoxe fabricamos e distribuimos para máis de 30 disciplinas.”*

JIM SPORTS é o resultado da capacidade de empezar un proxecto tras outro desde cero. En innovación a este perfil se lle denomina “The Hurdler”, o saltador de obstáculos ou o vallista en termos deportivos. Aquelas persoas que saben que o camiño cara á innovación está infestado de obstáculos e desenvolven unha habilidade especial para superar ou burlar eses obstáculos. O equipo de JIM SPORTS responden a este perfil, desde o seu fundador ata a última persoa que se acaba de incorporar á empresa. Esta actitude forma parte da cultura da empresa.







JIM SPORTS

# Proxecto a proxecto apréndese a crear novos negocios.

NOME: JIM SPORTS

LOCALIZACIÓN: PALAS DE REIS, LUGO

INICIO ACTIVIDADE: 1997

SECTOR: MATERIAL E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS



**H**oxe JIM SPORTS xestiona máis de 17.000 referencias no seu catálogo de produtos deportivos. Fabrica e distribúe equipamentos para cubrir as necesidades doutras empresas, os seus clientes. Todo o que poida necesitar unha tenda de deporte faise en Jim Sports.

O motor do grupo empresarial durante máis de 20 anos de actividade foi Jim Sports Technology, dedicada á importación, exportación e venda de material deportivo das súas principais marcas, así como o deseño e creación de terceiras marcas para os seus clientes. O factor clave do éxito da empre-

sa é o seu **capital humano**, preparado e concienciado en levar o deporte a todos os recunchos do mundo, pois ninguén mellor que eles coñecen as máis de 17.000 referencias incluídas no seu catálogo xeral. Son un equipo de persoas **competentes**, con espírito **novo** que resolven con axilidade calquera consulta ao servizo post-venda.

O Consorcio da Zona Franca, a través dos estudos realizados polo Servizo de Información Empresarial ARDÁN, identificou a JIM SPORTS como empresa galega xeradora de riqueza no 2021.

Con este indicador mídese o im-

pacto definitivo na **competitividade global** e constitúe unha parte esencial do armazón produtivo pola capacidade de xerar riqueza, emprego e atraer e reter talento.

Este recoñecemento ao equipo de JIM SPORTS é un empuxón para seguir traballando e innovar en como facer as cousas cada día mellor en todos os ámbitos de actividade. Innovar significa facer preguntas máis aló do día a día. **Plantexarse novos retos**. Esta actitude é habitual entre os amantes do deporte e no caso de JIM SPORTS aplícase para facer fronte aos desafíos que expoñen os clientes.

En JIM SPORTS saben que emprender non é fácil e ofrecen un conxunto de servizos aos seus clientes como, a creación da marca, un catálogo amplo de produtos de diferentes especialidades deportivas, o uso do almacén coma se fose o seu, utilizar o servizo de dropshipping e módulos de integración da información en tempo real para incorporalos na súa páxina web. Resolver as necesidades e os problemas dos seus clientes é o motor de JIM SPORTS.

En JIM SPORTS saben que facer tanxible unha idea de negocio a miúdo é unha carreira de fondo con moitos obstáculos. Por iso propoñen acompañar aos seus clientes nos seus retos empresariais axudándolles a desenvolver a súa propia imaxe corporativa, facendo que a marca dos seus clientes sexa unha declaración de intencións. Creando os deseños de todo tipo de complemento deportivo, téxtil e calzado á medida de cada cliente. Importando as coleccións dos seus clientes, estudando o mercado e buscando a mellor relación calidade/prezo. Así como, impulsando as vendas dos seus clientes creando as tendas *online*



## “Ademais de importar e fabricar damos resposta a outras moitas necesidades dos nosos clientes na cadea de valor.”

e as estratexias comerciais utilizando as últimas tecnoloxías.

Proxecto tras proxecto aprendéron a facer todas estas novas actividades. O equipo desenvolveu **capacidades e habilidades de innovación** grazas a unha **política de proba-erro** que permite **\*empoderar ao equipo** e impulsar novos negocios. A historia de JIM SPORTS está chea de exemplos de innovación no modelo de negocio. Hoxe, importan máis de 240 contenedores anuais ao mesmo tempo que invisten nunha fábrica propia de sublimación para a personalización do material deportivo dos seus clientes. Constrúen instalacións deportivas grazas á súa fábrica de transformación de fenólico e melanina e irromperon no negocio da publicidade no sector do deporte.

Todo este despregamento empresarial foise construíndo durante os últimos 20 anos desde **Palas de Rei**, unha poboación de máis de 3.000 habitantes na provincia de Lugo. Como di o seu responsable de comunicación Jessica Barreiro “en Palas de Rei temos as infraestruturas necesarias para conectar con calquera porto ou aeroporto de Galicia con facilidade”

A localización de Palas de Rei no corazón de Galicia non foi obstáculo para desenvolver a empresa e captar ao talento novo local con actitude emprendedora e con visión internacional.